

Mércores, 27 de setembro de 2017

Núm. 186

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BAIONA

Subvencións e axudas

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS

Por Resolución de Alcaldía de data 11 de setembro de 2017, aprobáronse as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a entidades sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de actividades culturais de deportivas do Concello de Baiona, polo que ordena a súa publicación no BOP.

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIS DE DEPORTIVAS

Segundo establece o artigo 232 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, na medida no que o permitan os recursos presupostarios, o Concello poderá subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos seus intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire ós seus gastos xerais como ás actividades que realicen.

A este respecto, tendo en conta o sinalado neste artigo e ao abeiro da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, regulamentos de desenvolvemento, Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello de Baiona procede á regulación dos criterios e o procedemento de concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas para promover, fomentar e difundir aquelas actividades sociais, culturais ou deportivas que organicen as asociacións sen ánimo de lucro no ámbito territorial do Concello de Baiona durante o ano 2017, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrencia, non discriminación e igualdade

DISPOSICIÓNS XERAIS

PRIMEIRA.—OBJECTO

Poderán ser obxecto de subvencións os gastos referidos as seguintes actividades:

- Deportes: Gastos de organización de actividades deportivas ou relacionadas coa promoción do deporte e gastos de organización de actividades en xeral.
- Cultura: Actividades relacionadas co achegamento á comunidade das artes plásticas, literatura, teatro, música, divulgación das ciencias e demais manifestacións culturais e artísticas.



Mércores, 27 de setembro de 2017

Núm. 186

Quedan excluídos da presente convocatoria, e polo tanto non serán obxecto de subvención os gastos de investimento.

O período que se terá en conta para a realización das actividades será dende o 1 de xaneiro até o 30 de novembro de 2017.

SEGUNDA.—FINANCIAMENTO

A concesión destas axudas estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017, segundo a consignación da aplicación orzamentaria 924-48900 do Orzamento xeral de 2017, polo importe 22.800 €.

TERCEIRA.—BENEFICIARIOS E REQUISITOS

Poderán solicitar estas axudas as asociacións e entidades que reúnan os seguintes requisitos:

- 1.—Carecer de fins de lucro.
- 2.—Ter o seu domicilio social no termo municipal de Baiona, e estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións de Baiona
- 3.—Desenvolver as súas actuacións no ámbito territorial do municipio ou que afecten a colectivos deste Concello ou versen sobre temas de interese do Concello.
- 4.—Non incorrer en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas nin nalgunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na Lei.
- 5.—Estar ó corrente coas obrigas tributarias da Axencia Estatal Tributaria, Facenda galega, coa Seguridade Social e co Concello de Baiona.

CARTA.—SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados que se facilitarán no Concello de Baiona, ou na páxina web do Concello www.baiona.org. Cada entidade solicitante presentará un único proxecto, o cal achegarase a seguinte documentación:

- a) Solicitude de subvención: Anexo I
- b) Declaración responsable da Entidade (Anexo II)
- c) Memoria explicativa da actividade concreta que se pretende realizar, con especificación do seu coste, e dos ingresos previstos para o seu financiamento. (ANEXO III).
- d) Fotocopia cotexada do C.I.F. da Asociación.
- e) Certificado de conta bancaria



Mércores, 27 de setembro de 2017

Núm. 186

QUINTA.—PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

As solicitudes presentaranse nun prazo de vinte (20) días naturais contados a partir do seguinte do día seguinte ao publicación do extracto da convocatoria no BOPP, no Rexistro Xeral do Concello de Baiona ou a través da súa sede electrónica, ou en calquera das formas previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Se a solicitude non reunise os datos esixidos ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, requirirase aos interesados para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emenden as anomalías advertidas ou presenten os documentos preceptivos, indicando que, en caso de non facelo, teranse por desistidos e arquivaranse as solicitudes sen máis trámite.

SEXTA.—COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIONS. CONTÍA MÁXIMA

A contía da subvención estará en función dos programas e dos recursos con que conte para cubrir parcialmente estes. A subvención non poderá exceder o custo da actividade ou actividades aos que se aplique, incluíndo no cálculo tódalas subvencións percibidas polo beneficiario para a mesma finalidade, tanto de entes públicos como privados. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou outros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade para desenvolver polo beneficiario.

A subvención poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades, así como, de ser o caso, outros ingresos de tal xeito que a súa contía definitiva suporía o resultado deficitario da liquidación final de gastos-ingresos. As entidades quedarán obrigadas a comunicar calquera achega económica institucional ou privada que reciban con destino á actividade solicitada

Cada unha das entidades solicitantes poderá percibir un importe total máximo de 1.000,00 euros. A subvención que no seu caso se conceda ingresarase a cada beneficiario logo de verificarse polo Concello a documentación xustificativa.

SÉTIMA.—CRITERIOS DE CONCESION

A asignación de axudas ou subvencións, farase en función dos seguintes criterios:

1.- Características do proxecto: Número de poboación beneficiaria. Ata 30 puntos.

- | | | |
|---------------------|---------|-----------|
| • Ata 10 habitantes | | 0 puntos |
| • 11 a 25 | “ | 5 puntos |
| • 26 a 50 | “ | 10 puntos |
| • 51 a 100 | “ | 20 puntos |
| • Más de 100 | “ | 30 puntos |

Código seguro de verificación: UREXZ10WDGUXCT0T



Mércores, 27 de setembro de 2017

Núm. 186

2- Número de socios da asociación: segundo rexistro municipal de asociacións na data da publicación das bases específicas da convocatoria para a concesión de subvencións para actividades culturais. Ata 30 puntos.

- Ata 50 socios 10 puntos
- 51 a 100 socios 20 puntos
- 101 ou máis socios 30 puntos

3- Antigüidade no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais. Ata 20 puntos

- máis de 8 anos 20 puntos
- de 5 a 7 anos 15 puntos
- de 3 a 4 anos 10 puntos
- ata 2 anos 5 puntos

4- Porcentaxe de cofinanciamento da actividade por medio de achegas económicas das entidades, patrocinios, etc. (a maior porcentaxe de cofinanciamento, maior puntuación) Ata 10 puntos.

- 0 a 49 % 5 puntos
- 50 a 99 % 10 puntos

5.- Edicións da actividade: ata 10 puntos.

- Máis de 20 10 puntos;
- de 15-19 8 puntos;
- de 10-14 5 puntos;
- de 5-9 3 puntos;
- menos de 5 2 puntos

No caso de subvencións solicitadas por asociacións deportivas, o primeiro criterio será substituído polo seguinte:

1. Número de alumnos nas escolas deportivas correspondentes. Ata 30 puntos.

- Ata 40 alumnos 10 puntos
- De 41 a 100 20 puntos
- 101 o máis alumnos 30 puntos

OITAVA.—INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN

1. A valoración das solicitudes corresponderalle á Comisión de Valoración, que estará constituída polo Alcalde-Presidente do Concello de Baiona, a Concelleira de Cultura, a Concelleira de deportes e un concelleiro de cada grupo político da Corporación, un funcionario do servizo de cultura, e un funcionario da área de



Mércores, 27 de setembro de 2017

Núm. 186

- Secretaría Xeral e que tamén fará as veces de Secretario da Comisión. Todos e cada un dos membros desta comisión poderán se substituídos polas persoas nas que delegue cada un deles.
2. A comisión examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de valoración aprobados nas presentes bases, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adxudicación a prol de aquelas que obtiveran maior valoración.
 3. A contía da subvención que se outorgará a cada beneficiario será directamente proporcional á puntuación obtida, sen que en ningún caso se poda superar o límite de crédito orzamentario dispoñible.
 4. A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración.
 5. O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é a Alcaldía, previa proposta da Comisión de Valoración.
 6. O prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención e notificar as resolucións será de tres meses dende o remate do prazo establecido nestas bases para a presentación de solicitudes, e o silencio administrativo será desestimatorio

NOVENA.—OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

A parte das que figuran na cláusula terceira, os beneficiarios de subvencións concedidas con cargo ao Orzamento municipal teñen as seguintes obrigas, de conformidade co sinalado no artigo 14 da Lei Xeral de subvencións

- a.—Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade ou investimento e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión de subvención.
- b.—Conservar os documentos xustificativos da aplicación dada ós fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- c.—Dar adecuada publicidade da axuda concedida para a actividade ou actuación obxecto de subvención (cartelería, publicidade, recortes de prensa, valados, pancartas, etc).
- d.—Os gastos que figuren na conta xustificativa serán aboados polos beneficiarios con anterioridade a presentación da xustificación da subvención.
- e.—Os beneficiarios das subvencións deberán utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros que poidan acreditarse mediante documento expedido por unha entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago (Transferencias bancarias, talóns nominativos.) e só excepcionalmente poderán utilizar o pago metálico cando non sexa posible outra forma alternativa e o importe non supere os 200,00 €, debendo en este caso facer constar na propia factura o recibín do perceptor, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos do mesmo.

Código seguro de verificación: UREXZ10WDGUXCT0T



Mércores, 27 de setembro de 2017

Núm. 186

DÉCIMA.—XUSTIFICACION E ABOAMENTO DAS SUBVENCIONS

As entidades que resulten beneficiarias deberán achegar xustificación para o cobro da subvención con data límite 4 de decembro de 2017, quedando anulada a subvención unha vez transcorrido o prazo.

Para o cobro das subvencións as entidades presentarán a seguinte documentación:

1.—Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, indicando cada factura o número de unidades, os prezos unitarios de estas e máis o custe total de cada unidade. En todo caso deberase acreditar a realización do pago respecto do importe do gasto obxecto da subvención. Dita acreditación farase ben achegando o xustificante da transferencia bancaria, no caso de facturas de importe superior a 200 €, ben facendo constar na propia factura o recibín do preceptor, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos do mesmo, no caso de facturas de importe inferior a 200 €

2.—Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na que se poña de manifesto que os gastos que figuran en dita conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda, indicando que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria a disposición do Concello de Baiona para o seu exame (Anexo IV).

Os gastos xustificados deberán axustarse no posible ós conceptos incluídos no orzamento inicial, non aboándose máis có importe xustificado co límite da subvención concedida.

3.—Declaración de non ter recibido outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle da financiación obtida e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada (Anexo IV).

4.—Certificacións acreditativas de estar ó corrente das súas obrigas tributarias (do Estado e da Comunidade Autónoma), e coa Seguridade Social.

5.—Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación do investimento realizado e os resultados obtidos.

6.—Acreditar a debida divulgación do financiamento por parte do Concello de Baiona da actividade ou investimento subvencionado. No caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse tal circunstancia..

Só se admitirán xustificantes relativos a gastos de material e servizos necesarios para a realización da actividade subvencionada, consonte o expresado na memoria descritiva e no orzamento presentados xunto coa solicitude.

Código seguro de verificación: UREXZ10WDGUXCT0T



Mércores, 27 de setembro de 2017

Núm. 186

Con carácter xeral, non terán a consideración de subvencionables os conceptos que a seguir se relacionan:

- Adquisición de material inventariable e investimentos (ordenadores, cámaras, etc.); consumibles (cartuchos de tinta, disquetes, carretes de fotografías, cintas, etc.); material de oficina (bolígrafos, archivadores, etc.)
- Compra de libros, material didáctico ou vestiario, con distintos fins dentro das accións que se propoñan. Só se aceptará este tipo de gasto cando se acredite que resulta imprescindible para a realización do proxecto (o que se fará constar na memoria que se xunte á solicitude) e sempre que no concepto das facturas que se acheguen conste a actividade desenvolvida.
- Gastos de teléfono, manutención, aloxamento, quilometraxe ou similares
- Alugueros dos locais da entidade e gastos correntes de funcionamento.
- Gastos relativos á celebración de ágapes e actos análogos
- Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde. De igual xeito, nas excursións ou viaxes culturais, poderán xustificarse os gastos de desprazamento e organización de actividades culturais paralelas (guías, museos...) pero non serán admisibles os de alimentación, comida ou pernocta.
- Admitiranse as nóminas de persoal da entidade sempre que se xunte unha certificación na cal se especifique a parte proporcional dedicada á realización das accións.
- Na elaboración de revistas, voceiros, boletíns, folletos e similares, o gasto xustificarase preferentemente con facturas expedidas por imprentas e coas relativas á súa distribución, de ser o caso.

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos:

- a) Facturas onde non consten claramente os conceptos obxecto da subvención.
- b) Facturas que conteñan conceptos non subvencionables (aínda que dentro das mesmas consten conceptos subvencionables).
- c) Facturas que non veñan presentadas en forma e modo.
- d) As cantidades satisfeitas ao Concello por calquera concepto

As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades que xeren gastos de persoal, xustificaranse mediante facturas ou nóminas orixinais, ou as súas fotocopias debidamente compulsadas.

Á vista da documentación xustificativa presentada, previo informe de Intervención, o órgano competente estimará o cumprimento das actividades subvencionadas, e se a documentación é correcta procederase ao pago da subvención.



Mércores, 27 de setembro de 2017

Núm. 186

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días hábiles para a súa corrección.

O importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos non xustificadas correctamente.

O pago da subvención efectuarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

DÉCIMA PRIMERA.—DEVOLUCIÓN E REINTEGRO

As axudas concedidas deberán devolvelas ou reintegralas nos seguintes casos:

- a) Por obtelas falseando as condicións requiridas.
- b) Por non aplicala ós fins para os que foi concedida.
- c) Incumprimento das obrigas de adoptar-las medidas de difusión.
- d) Resistencia, escusa ou obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control.
- e) Por incumprir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

As responsabilidades anteriormente citadas esixiranse de acordo co procedemento previsto na Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas. Así mesmo, o reintegro das cantidades efectuarase de acordo co procedemento previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

DÉCIMO SEGUNDA.—APROBACIÓN DAS BASES

O órgano competente para a aprobación destas bases é a Alcaldía.

DECIMO TERCERA.—DEREITO SUPLETORIO

Para o non disposto nas presentes bases, contemplarase o establecido nas bases de execución do orzamento xeral do Concello de Baiona para 2017, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e demais lexislación aplicable.

DECIMO CARTA.—RECLAMACIONES

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, un recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro sen contestar; neste caso poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa (tras a modificación dada pola Lei 9/2003, do 23 de decembro) no prazo de dous meses.



Mércores, 27 de setembro de 2017

Núm. 186

Ademais, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente o dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data en que o recurso de reposición se entende desestimado.

ANEXOS

Tódos os anexos referidos nestas bases para a solicitude e a xustificación destas subvencións serán facilitados no Rexistro xeral do Concello de Baiona ou ben a través da páxina web de concello de Baiona: www.baiona.org”

Código seguro de verificación: UREXZ10WDGUXCT0T

